

**Resolución do 19 de xuño de 2017, da comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a elaboración das listas de agarda provisionais para cobertura temporal de vacantes entre os candidatos incluídos nas listas previas, da categoría profesional de Enxeñeiro Técnico Forestal, Perfil Profesional “Prevención/Defensa/ Extinción Contra Incendios Forestais”, Ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Servicos Centrais, pola que se aproban e se fan públicas as listas de agarda provisionais e se abre o período de reclamacións.**

En sesión que tivo lugar o día 19 de xuño de 2017, a comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a elaboración das listas de agarda para cobertura temporal de vacantes entre os candidatos incluídos nas listas previas resultantes do período de actualización de méritos, na categoría de Enxeñeiro Técnico Forestal, Perfil Profesional “Prevención/Defensa/ Extinción Contra Incendios Forestais”, Ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Servicos Centrais, e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

**Primeiro.- Incidencias na proba teórica.**

A Comisión de Selección acorda anular a pregunta número 15 da proba teórica (exame tipo test) correspondente á categoría Enxeñeiro Técnico Forestal, celebrada en Santiago de Compostela o pasado 09 de xuño, pasando polo tanto a puntuar a primeira pregunta da lista de reserva.

Por outra banda, detéctase un erro na folla de respostas, onde na pregunta número 4 figuraba como correcta a resposta “B” en realidade ten que figurar como correcta a resposta “C”.

**Segundo.- Aprobar e facer públicas as listas de agarda provisionais.**

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.2.5 e nas bases específicas II apartado 2.7 que rexen o proceso, acordou aprobar e facer públicas as listas de agarda de candidatos, por duplicado exemplar, un exemplar no que os candidatos figuran por orde descendente á puntuación obtida tralo baremo de méritos, co D.N.I., apelidos e nome, ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais e puntuación, e outro exemplar no que os candidatos figuran por orde ascendente do D.N.I, apelidos e nome, ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais e puntuación.

**Terceiro.- Reclamacións.**

De conformidade co establecido nas bases específicas II apartado 2.8 das que rexen o proceso, os candidatos disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web de SEAGA, para efectuar reclamacións ante o Director-Xerente.

As resolucións do Director-Xerente serán motivadas, se ben a estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderanse implícitas na resolución do Director-Xerente pola que se aproben e se fagan públicas as relacións de candidatos das listas de agarda.

De non haber reclamacións, as listas de agarda enténdense aprobadas definitivamente.

As reclamacións so poderán ser presentadas de luns a xoves en horario de 9:00 h a 14:00 h e de 16:00 h a 18:00 h e os venres de 9:00 h a 14:00 h nas oficinas de rexistro de SEAGA sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15890 Santiago de Compostela - A Coruña, ou de luns a venres de 9:00 h a 14:00 h nas oficinas de rexistro de SEAGA sitas en:

- Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
- Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
- Lgar. Cabanas – Salcedo nº 54, 36143 Pontevedra.
- Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo- Bergondo.

**O prazo de presentación de reclamacións remata o 26 de xuño de 2017.**

As reclamacións que se poidan achegar e/ou efectuar, unha vez rematado o prazo correspondente segundo o disposto nas presentes bases consideraranse, a tódolos efectos, como fóra de prazo, e non serán tidas en consideración no proceso.

A presentación de reclamacións en oficinas distintas das anteriores non serán tidas en consideración para o proceso.

Santiago de Compostela, a 19 de xuño de 2017.

A Presidenta da Comisión de selección.

Asdo.- M<sup>a</sup> Jesús Cobas Ríos.

